Servizo de coordinación e funcionamento da Casa das Mulleres Xohana Torres
(CON/19/2020)

**Desenvolvemento Local Galego S.L. | B-70292081**

CASA XOHANA TORRES

# INFORME FINAL

OUTUBRO 2022

“Actuación cofinanciada polo Fondo Europeo FEDER no marco do POPE 2014-2020”

CONCELLO DE SANTIAGO

REVive SANTIAGO EDUSI
CIDADE ACCESIBLE, INCLUSIVA E PATRIMONIAL

**UNIÓN EUROPEA**
Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
**Unha maneira de facer Europa**

# ÍNDICE


► INTRODUCIÓN ..... 3
► COORDINACIÓN ..... 4
► ACTIVACIÓN ..... 5
► COMUNICACIÓN ..... 5
► DINAMIZACIÓN ..... 6
► FORMACIÓN ..... 9
► XESTIÓN DE RESERVA ..... 10
► INFORMACIÓN E ASESORAMENTO ..... 13
► AVALIACIÓN ..... 14
► Valoración e medición do nivel de calidade percibida polas destinatarias dos servizos e das actividades da Casa Xohana Torres. ..... 14
► Resumo dos principais indicadores ..... 21
► Cumprimento das cláusulas sociais relacionadas coa prestación do servizo ..... 22
► ANEXO (CERTIFICADOS DA FORMACIÓN REALIZADA) ..... 25

## ▶ INTRODUCIÓN

De cara o seguimento e avaliación de todo o proceso, e en cumprimento dos pregos técnicos e administrativos do contrato relativo á execución do servizo de coordinación e funcionamento da Casa das Mulleres Xohana Torres -actuación que forma parte da Edusi, cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo pluri-rexional de España 2014-2020 (CON/19/2020)-, o presente documento constitúe o **INFORME FINAL.** Este, ten como obxectivo recoller os aspectos máis relevantes do proceso de execución deste servizo, poñendo en coñecemento á área de Acción Social e á Concellería de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade. Así, o presente informe contén información arredor das principais actuacións realizadas no marco do proxecto ao longo dos 18 meses de exercicio.

No seguinte cadro preséntase un resumo do estado do proxecto, ampliando a información nas páxinas seguintes.

<table>
<tr><td colspan="2">TIPOLOXÍA DE RECURSOS E SERVIZOS QUE CONTEMPLA A CXT</td><td colspan="2">• COORDINACIÓN<br>• ACTIVACIÓN<br>• COMUNICACIÓN<br>• DINAMIZACIÓN<br>• FORMACIÓN<br>• XESTIÓN DO USO DOS ESPAZOS<br>• INFORMACIÓN E ASESORAMENTO<br>• AVALIACIÓN</td></tr>
<tr><td rowspan="8">SITUACIÓN ACTUAL DOS TRABALLOS</td><td colspan="2">TAREFAS E ACCIÓNS PREVISTAS</td><td>TAREFAS E ACCIÓNS REALIZADAS</td></tr>
<tr><td>COORDINACIÓN</td><td>• Reunión de coordinación</td><td>•</td></tr>
<tr><td>ACTIVACIÓN</td><td>• BB.DD</td><td>• Formulario<br>• Deseño de infografías para empregar o rexistro electrónico da REDSARA.<br>• Elaboración do informe de resultados da consulta.</td></tr>
<tr><td>COMUNICACIÓN</td><td>• Plan de comunicación</td><td>• Deseño de logotipo<br>• Deseño do espazo web da Casa XT<br>• Realización de diversas publicacións nos perfís das RR.SS da Casa.<br>• Deseño e impresión de cartaces para a Casa.<br>• Nota de prensa</td></tr>
<tr><td>DINAMIZACIÓN</td><td>• Atención ao público</td><td>• Atención presencial, telefónica, whatsaap, correo electrónico da Casa<br>• Apoio técnico e asesoramento</td></tr>
<tr><td></td><td>• Xuntanzas de traballo</td><td>• Xuntanzas con entidades e colectivos</td></tr>
<tr><td></td><td>• Fondo documental</td><td>• Investigación dos documentos<br>• Deseño e creación do Fondo documenta<br>• Mapeo de entidades<br>• Deseño e creación do Mapeo de Entidades<br>• Formulario de participación</td></tr>
<tr><td></td><td>• Pegada feminista</td><td>• Actividade participativa<br>• Investigación dos espazos</td></tr>
</table>

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | • Creación e deseño do mapa virtual<br>• Formulario de participación |
| | | • Festival Feminista | • Organización do festival |
| | FORMACIÓN | • Escola de apoderamento feminista | • Pílulas formativas<br>• Programación de actividades organizadas pola equipa técnica da CXT<br>• Actividades abertas ao público organizadas por entidades<br>• Actividades de carácter interno organizadas polas entidades |
| | XESTIÓN DO USO DOS ESPAZOS | • Xestión do uso | • Incorporación de modificacións ao formulario de solicitude de uso do espazo.<br>• Xestión de solicitude de reserva dos espazos |
| | INFORMACIÓN E ASESORAMENTO | • Atención de consultas | • Apoio técnico ás entidades, colectivos e persoas a título individual en materia de igualdade.<br>• Consultas en materia de igualdade<br>• Asesoramento e apoio técnico |
| | AVALIACIÓN | • Valoracións | • Valoracións presenciais<br>• Cuestionario de valoración dos servizos e recursos da CXT |

## ► COORDINACIÓN

Ao longo dos 18 meses mantivéronse reunións mensuais de coordinación co equipo do CIM, elaborando as súas respectivas "actas – resumo". Nelas, recolléronse as valoracións das accións do mes anterior. recolléronse os procesos para a coordinación das vindeiras accións a ser desenvolvidas na CXT, e plasmáronse as colaboracións con outras iniciativas levadas a cabo pola Concellería de Igualdade. Deste xeito, realizáronse un total de 18 reunións de coordinación a través da plataforma Zoom.

A continuación recóllense algunhas imaxes das reunións de coordinación.





## ▶ ACTIVACIÓN

- **BB.DD cos contactos de asociacións de mulleres e colectivos feministas da cidade (iniciar e mobilizar o proceso participativo)**

No proceso de activación, elaborouse unha BB.DD. con entidades, colectivos e grupos feministas, de mulleres e LGBTIQA+ presentes na cidade, así como con outras entidades do tecido asociativo local que, se ben non teñen como temática fundacional a igualdade ou a diversidade, si interveñen e dinamizan a cidade, e abordan temas relacionados coa igualdade. Nesta BB.DD. incluíronse entidades públicas que amosaron interese en colaborar coa CXT. Ademais desta BB.DD de entidades, tamén se creou unha con persoas a título individual que afirmaron querer recibir información das actividades e accións organizadas na CXT.

Cómpre ter en conta que esta BBDD estivo sometida continuamente a actualización, incorporando novos contactos de interese e dando de baixa a outros por inactividade das propias entidades, así como por solicitude da propia persoa ou entidade.

A continuación resúmense os datos de cada unha das categorías:

| Categoría | Número total |
|---|---|
| Entidades, colectivos e grupos feministas, de mulleres e LGBTIQA+ | 55 |
| Entidades de outros ámbitos de actuación (otras entidades) | 58 |
| Persoas a título individual | 368 |
| Entidades da administración pública | 29 |
| **Total** | **510** |

- **Cuestionario de consulta inicial ás entidades**

Co fin de actualizar a BB.DD e dar a coñecer a CXT, creouse e enviouse un cuestionario a partir do cal recompiláronse datos para a recollida de información sobre os intereses das entidades, o seu grao de interese en participar na CXT, así como para validar os datos e información que se tiñan sobre as mesmas.

Os resultados desta consulta empregáronse, ademais, para adaptar actividades e accións previstas na CXT aos intereses por estas sinalados.

## ▶ COMUNICACIÓN

Durante os 18 meses de servizo implementouse o plan de comunicación, no que se incluíron tarefas tales como:

- Deseño de logo da CXT
- Deseño da Web
- Creación dos perfís de RR.SS( Instagram, Facebook e Twitter)
  Facebook (@casaxohanatorres)
  Twitter (@CasaMulleresXT)
  Instagram (@casaxohanatorres)
- Elaboración de contidos para web e RR.SS
- Publicación de contidos para web e RR.SS
- Deseño e impresión de cartelería informativa
- Deseño de cartelería da programación mensual da CXT
- Deseño e publicación de cartelería de cada unha das actividades realizadas na CXT abertas ao público
- Interacción nas RR.SS co público

- Notas de prensa (02)
- Presentación para rolda de prensa

Todas estas accións recóllense de forma detallada en cada un dos 18 informes mensuais correspondentes. Así mesmo, os resultados finais aparecen compilados na táboa que recolle os principais indicadores.

## ► DINAMIZACIÓN

### • Servizo de atención ao público

Ao longo dos 18 meses, proporcionouse un servizo de atención presencial todos os xoves e venres en horario de 9h00 – 15h00 e de 16h00-19h00. Neste, ofrecíase información sobre a CXT e atendíanse as consultas das entidades e colectivos, así como de calquera persoa que a título individual tivera consultas en materia de xénero e igualdade. Polo tanto, estes días, ademais de poder acceder ao espazo, as persoas podían formular as súas consultas pertinentes e recibir asesoramento e atención técnica por parte do equipo da CXT.

Deste xeito, prestouse apoio técnico en múltiples ocasións para a realización de actividades organizadas por entidades e persoas a título individual, facilitándolles o traballo e a xestión do espazo.

### • Xuntanzas de traballo

Neste período tamén foron convocadas varias xuntanzas para presentar a proposta de participación e co-xestión da CXT. Non obstante, a participación non foi activa, de forma que varias delas tiveron de ser canceladas, principalmente, por falta de confirmación de asistencia.

Ante esta situación, a proposta inicial de creación de laboratorios de participación foi substituída por xuntanzas de traballo do equipo técnico con entidades e colectivos feministas da cidade, coa clara finalidade de darlles a coñecer o espazo da CXT, animalas a participar tanto como organizadoras de actividades como participantes noutras actividades realizadas na CXT.

### • Regulamento Interno da Casa Xohana Torres

Elaborouse un borrador do regulamento da Casa Xohana Torres tendo como base, por unha banda, o "Manual de criterios de uso e xestión e funcionamento da Casa Xohana Torres" -documento inicial que regulaba o funcionamento da CXT- e, pola outra banda, os resultados da consulta realizada ás entidades no inicio deste servizo, así como a experiencia do funcionamento e xestión realizada.



Servizo de coordinación e funcionamento da Casa das Mulleres Xohana Torres
(CON/19/2020)
Desenvolvemento Local Galego S.L. | B-70292081

CASA XOHANA TORRES

PROPOSTA
REGULAMENTO DE USO DA
CASA XOHANA TORRES
AGOSTO 2022

"Actuación cofinanciada polo Fondo Europeo FEDER no marco do POPE 2014-2020"

CONCELLO DE SANTIAGO
REVive SANTIAGO EDUSI
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Así mesmo, para a comunicación e trato coas entidades, elaborouse un **"Decálogo de bo uso"** dos espazos. Este, era enviado ás persoas e entidades que solicitaban empregar os espazos da CXT.



CASA XOHANA TORRES

DECÁLOGO DE USO

Manteñamos a Casa en bo estado e respectemos as normas de convivencia.

SOLICITUDE DO ESPAZO

[01] O horario habitual para o emprego da Casa é de luns a sábado das 10h ás 22h30.

[02] A solicitude debe ser realizada por medio do rexistro (electrónico ou físico) cun mínimo de 4 días hábiles de antelación. Cada vez que se solicite o uso, nomearase a unha persoa responsable, que será a que responda ante os órganos de xestión da Casa.

[03] As solicitudes atenderanse por orde de recepción do rexistro.

[04] A confirmación da solicitude farase por medio do correo electrónico facilitado no momento da solicitude. No correo de confirmación enviarase un código de acceso á Casa. Este código é a "chave" que permite abrir a porta da Casa e activarase soamente durante o período de tempo que dura a actividade. Antes e despois da data e horario asignado, o código estará desactivado.

[05] Leva contigo e en todo momento o código de acceso, o cal é intransferible e responsabilidade da persoa solicitante.

USO DO ESPAZO

[06] Respecta as medidas de prevención da COVID-19:

- Mantén a distancia social de alomenos 1,5 m.
- Fai uso permanente da máscara.
- Realiza unha hixiene de mans frecuente (lavado de mans con auga e xabón ou con solución hidro-alcohólica).
- Limpa e desinfecta as superficies das que fagas uso.
- Respecta o aforo indicado para cada unha das salas.

- ## Fondo documental e de recursos feministas

Tal e como se recollía na proposta inicial, creouse un apartado na web da CXT con Fondo Documental. Neste espazo, están dispoñibles unha serie de documentos producidos por colectivos e entidades feministas municipais. Os documentos que nel se recollen están catalogados en base á súa tipoloxía (cartelería, comunicación audiovisual, documentos, *fanzines*, produción artística, revistas e xornais). Ademais, cada un deles recolle unha breve descrición do documento, palabras clave, unha imaxe representativa, a autoría e o acceso ao documento orixinal. Na actualidade, están dispoñibles un total de **42 documentos**.

É necesario ter en conta que este é un espazo vivo no que a cidadanía, ademais de poder consultar os documentos, poden aportar novos documentos a través do cumprimento dun formulario que está dispoñible na web da CXT.

- ## Mapeo de entidades feministas, de mulleres, LGBTIQA+ e que traballan en temas de igualdade

Unha nova proposta incorporada ao proxecto foi a creación na web da CXT dun mapa xeo-espacial no que recollesen as distintas entidades, colectivos e agrupacións feministas, de mulleres, LGBTIQA+ e demais entidades que traballan en temas de igualdade na cidade, co obxectivo de proporcionar maior información á cidadanía e darlles visibilidade, valorando o traballo que desenvolven na vida social. Na actualidade, o mapa está dispoñible na web da CXT. Toda a información contida nas descricións, é proporcionada polas propias entidades. Actualmente está publicadas informacións de **18 entidades.**

- ## Pegada feminista

Do mesmo xeito que se plasmaba na proposta inicial, creouse un roteiro virtual onde a cidadanía pode identificar no mapa do municipio a mulleres de referencia e persoas do colectivo LGBTIQA+ presentes no territorio. Neste roteiro virtual aparecen identificadas rúas, avenidas, prazas, estatuas e esculturas, edificios e parques que plasman a relevancia social de mulleres e persoas do colectivo LGBTIQA+.

Neste mapa, as persoas poden acceder a algunha información básica, nome e apelidos, data e lugar de nacemento e de falecemento, referencia biográficas e unha fotografía ou imaxe da persoa e do lugar de referencia.

Este roteiro está localizado nunha pestana da web da CXT, onde tamén a cidadanía pode facer aportacións de novos espazos e persoas /colectivos de referencia que lles pareza importante visibilizar dado a súa relevancia social na loita pola igualdade.

No proceso de construción deste roteiro realizouse un obradoiro no que participaron 5 persoas. Nesta actividade quedou evidente a falta de coñecemento da cidadanía sobre persoas relevantes no municipio, de xeito que tiveron dificultades para identificar persoas que deberían ser destacadas neste mapa. Ademais, propúxose que no mapa tamén se puideran recoller colectividades e espazos significativos para os movementos sociais (feministas e LGBTIQA+) da cidade. Este traballo aínda está por facer, dada a necesidade dunha investigación máis coidada e precisa.

Actualmente están publicadas:

- 3 avenidas
- 29 rúas
- 1 praza
- 8 estatuas

- 3 parques
- 4 edificios

- ## Festival Feminista

Na proposta inicial recollíase a realización do “Festival feminista Xohana Torres”. Unha actividade de carácter festivo, cuxo obxectivo era o de dar a coñecer o espazo e promover unha maior cohesión e creación de redes colaborativas entre as entidades feministas da cidade. Por mor da COVID-19 e da baixa dinamización e participación das entidades, valorouse aprazar dito festival ata o final do servizo, co obxectivo de aumentar o público potencialmente asistente.

Pero dada á baixa participación acada durante o proceso de dinamización ao longo do servizo -e na diferentes convocatorias realizada, en lugar de realizar a actividade como inicialmente fora concibida, apostouse por darlle un formato e carácter máis festivo, contando para a ocasión con algunha artista. Neste sentido, convocouse no mes de setembro (inicialmente prevista para o sábado 24 en horario de 11:00 ás 13:30) e posteriormente, tivo que ser programada para o día 1 de outubro das 11:00 ás 13:30. Con esta actividade buscábase crear un espazo distendido onde as entidades e persoas a título individual, que participaron activamente na CXT ao longo destes 18 meses, puidesen coñecerse e así fomentar creación de sinerxias entre elas. Contratouse o espectáculo de poesía escénica, a cargo da artista Nuria Vil, quen, a través da súa traxectoria, dá conta da súa implicación coa cidade e coas loitas feministas. Neste espectáculo, Nuria Vil envolve *a palabra falada e o diálogo entre distintas artes* para levar a poesía máis aló da escrita, sendo un *pretexto* para atraer a participación das persoas invitadas e reflexionar a través da arte.

Para a convocatoria, enviouse un convite por correo electrónico a un total de **39 entidades e 14 persoas a título individual** que colaboraron en algún momento coa CXT ao longo dos últimos 18 meses, e posteriormente a contactación reforzouse coa realización de chamadas telefónicas.

A continuación, recóllese o convite e o listado das entidades e persoas a titulo individual ao que se convocou.

**Entidades e colectivos ao que se lle enviou o convite**:

1. EXERIA - Mulleres critiás galegas
2. ANDAINA - Revista Galega de Pensamento feminista
3. Materfem - Maternidades Feministas Galegas-
4. Fundación Secretariado Xitano - Grupo das mulleres
5. ACADAR - Asociación de Mulleres con Discapacidade en Galicia
6. QuerENDO, mulleres con endiometrose
7. Asociación Plataforma polo Emprego
8. XIARA - Asociación de Empregadas do Fogar
9. Avante LGBT+
10. ARELAS - Asociación de familias de menores Trans*
11. Compostela non Monógama
12. Asociación Galega de Matronas
13. Resistencia en Terra Allea
14. SEDRA - Federación Estatal de Planificación Familiar Estatal
15. Asociación Arraianas
16. Avalón Club
17. Asociación Intered
18. Revista Revirada
19. Asociación Vaidelas
20. Asociación Feminismos e Tempo Libre
21. LarLilás
22. Asociación Xandobela
23. Colexio de Educadoras Sociais
24. ACPP - Asemblea de Cooperación pola Paz

25. Agareso - Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social
26. Foro Galego de Inmigración
27. Trazos Violetas
28. Federación Movemento pola Paz (MPDL)
29. Asociación SOS Racismo - Galicia
30. Programa Vagalume
31. Agromantes
32. Walkie Talkie Films
33. AGADEA - Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Azlhéimer
34. ASOCIACIÓN MULIEREM
35. REAS Galicia - Rede de Economía Alternativa e Solidaria de Galicia
36. FAGAMOS - Asociación de Familias Monoparentais de Galicia
37. Asociación de Migrantes de Galicia - AMIGA
38. Solidariedade Internacional de Galicia
39. Territorio das Mulleres

**Persoas a título individual** que se lle enviou o convite:

1. María Torre
2. Rosalía Álvarez Fariñas
3. Oscar Garcia Montilla
4. Lucía Silvoso Rey
5. Pablo Neira
6. Sofía Gutiérrez Pereira
7. Angelly Ferreiro Silva
8. Arancha Rodríguez Fernández
9. Mariele de Almeida Hochmüller
10. Cristy Tojo
11. Andrea Nuñez
12. María Xosé Porteiro
13. Iria Docampo
14. Isabel Padro

Pese os esforzos de convocatoria, soamente confirmaron a súa asistencia 4 persoas pertencentes ás entidades Materfem, Compostela Non Monógama, Avante LGBT+ Compostela e Arraianas. Outras entidades que contestaron a convocatoria, informaron que, pese o seu interese na actividade, non tiñan dispoñibilidade para participar neste día. Ante este escenario decidiuse aprazar a actividade para o día **27 de outubro, das 18:30 ás 20:30** co fin de facilitar a participación e cumprir cos obxectivos propostos para a ocasión.

## ► FORMACIÓN

Respecto á formación, foi creada a *Escola de Apoderamento Feminista*, na que se incluíron todas aquelas actividades formativas desenvoltas na CXT abertas ao público, tanto aquelas organizadas e promovidas polo equipo técnico da CXT como aquelas organizadas por entidades, colectivos e persoas a título individual.

Dentro deste marco simbólico, tamén se incluíron os "*Debates feministas en foco",* que foron substituídos polos "cafés feministas" recollidos na proposta inicial, unha vez que se valorou a dificultade de facer este tipo de dinámica no contexto da COVID-19.

Algunhas das actividades de carácter interno tamén foron incluídas dentro da Escola, pois son entendidas como espazos de aprendizaxe e auto-organización, fundamentais no proceso de transformación individual e colectiva.

Ademais, dentro deste marco, tamén se realizaron actividades específicas para a celebración de datas claves como o 25 de Novembro, o 8 de marzo e 28 de xuño.

De forma resumida, a continuación se recolle as actividades organizadas polo equipo técnico:

| Formato das actividades | Títulos |
|---|---|
| **Pílulas formativas e obradoiros** | – Pegadas Feministas por Compostela<br>– Laboratorio de teatro feminista I<br>– Laboratorio de teatro feminista II<br>– 2 obradoiros - Violencias machistas no ámbito asociativo. Claves para afrontalas E ti, como Falas? O que ben se di... ben se entende<br>– Bailaches? Bailei!<br>– Conectamos? Tips para visibilizar a túa entidade nas Redes |
| **Cinefórum** | – En deuda con todas<br>– A vida conta<br>– Concha Castroviejo. Arelas de Liberdade<br>– Zauria(k)<br>– Amnesia 3.0<br>– Agromantes: gromos audiovisuais desde a pscodiversidade<br>– Na procura da luz |
| **Charlas e faladoiros** | – En primeira persoa: traxectorias da violencia machista<br>– Ciber-artivismo feminista<br>– Razóns de peso. Desmontando a gordofobia<br>– Entrena con orgullo: a realidade LGTBIQA+ no deporte<br>– Falamos do (+) do LGTB(+ )? |
| **Presentacións** | – Poñendo en valor o vivencial: recital e proxección |
| **Debates feministas en foco** | – Tecendo fíos sobre a saúde mental en clave feminista e antirracista»<br>– Porno feminista en cuestión *que se presenta como porno feminista, é realmente feminista?*<br>– Transdiálogos: Acaso non son eu unha muller?<br>– Feminismos e alternativas á monogámia. Debates en torno a otras formas de amar |
| **Club de lectura feminista** | – 8 encontros do club de lectura |

Nos informes mensuais recóllese o listado e información detallada sobre obxectivos, estado da súa realización, nº de persoas desagregado por sexo/identidade de solicitudes e participantes de cada unha das actividades realizadas abertas ao público organizadas tanto pola equipa técnica como polas entidades, colectivos e persoas a título individual. Do mesmo xeito nos informes mensuais están recollidas as actividades de carácter interno cos datos aportados polas propias entidades organizadoras.

Así mesmo, en anexo a este documento vai o listado das persoas que solicitaron a súa participación e as asistentes de cada unha das actividades.

# ► XESTIÓN DE RESERVA

## • Formularios

Ao longo do servizo colaborouse co equipo do CIM na elaboración de 2 modelos de formularios de solicitude de espazo e recursos da Casa (para ser colgado na sede electrónica), así como da ficha de procedemento (do sistema de información administrativa –SIA).

## • Rexistro de reservas

Nestes 18 meses realizouse a xestión de solicitudes de reserva dos espazos e recursos da CXT. Foron rexistradas 95 solicitudes de reserva do espazo da CXT por parte de entidades e persoas a título individual. A continuación se recolle o listado das entidades e persoas a título individual que solicitaron o uso do espazo da CXT.

| ID | Data do rexistro | CIF | Denominación da asociación/federación/entidade/colectivo |
|---|---|---|---|
| 1 | 19/5/2021 | G70238746 | Asociación Deportiva Cultural Capoeira Angola |
| 2 | 21/5/2021 | G70203096 | Asociación Galega de Matronas |
| 3 | 2/6/2021 | V78419884 | Federación de Planificación Familiar Estatal |
| 4 | 10/6/2021 | G15676885 | Asociación de Mulleres Cristiás Galegas - Exeria |
| 5 | 11/6/2021 | B15984065 | ANTAXURADA SL (XANDOBELA \| EDUCACIÓN E CULTURA) |
| 6 | 8/6/2021 | G70579362 | Avante LGTB |
| 7 | 8/6/2021 | G70579362 | Avante LGTB |
| 8 | 9/7/2021 | B94074390 | Nós Televisión SL |
| 9 | 12/7/2021 | V78419884 | Federación de Planificación Familiar Estatal |
| 10 | 14/7/2021 | B94074390 | Nós Televisión SL |
| 11 | 4/8/2021 | G70179189 | Asociación Arraianas |
| 12 | 26/8/2021 | G70101647 | FEDERACION DE ASOCIACIONS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA, FADEMUR-GALICIA |
| 13 | 26/8/2021 | G70179189 | Asociación Arraianas |
| 14 | 25/8/2021 | G80468564 | Fundación InteRed Galicia |
| 15 | 30/8/2021 | 54701729R | Resistencia en Terra Allea |
| 16 | 6/9/2021 | G70179189 | Asociación Arraianas |
| 17 | 09/09/2021 | 32818340P | Aselafem |
| 18 | 16/09/2021 | | Foro Galego de Inmigración |
| 19 | 28/09/2021 | B15984065 | ANTAXURADA SL (XANDOBELA \| EDUCACIÓN E CULTURA) |
| 20 | 28/09/2021 | | Juan Sabin Fernández |
| 21 | 01/10/2021 | V78419884 | Federación de Planificación Familiar Estatal |
| 22 | 04/10/2021 | G80176845 | ASAMBLEA DE COOPERACION POR LA PAZ |
| 23 | 06/10/2021 | G27820182 | ARELAS ASOC DE FAMILIAS DE MENORES TRANS |
| 24 | 12/10/2021 | | LORENA FERNANDEZ SANCHEZ |
| 25 | 12/10/2021 | | LORENA FERNANDEZ SANCHEZ |
| 26 | 14/10/2021 | G80176845 | ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ |
| 27 | 15/10/2021 | | SOS Racismo e Resistencia en Terra Allea |
| 28 | 18/10/2021 | V78419884 | Federación de Planificación Familiar Estatal |
| 29 | 19/10/2021 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 30 | 19/10/2021 | G70440573 | querENDO mulleres con endometriose |
| 31 | 21/10/2021 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 32 | 26/10/2021 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 33 | 12/11/2021 | 34879601D | Foro Galego da Inmigración /Maria Puga Fidalgo |
| 34 | 16/11/2021 | G70179189 | Asociación Arraianas |
| 35 | 22/11/2021 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 36 | 23/11/2021 | G32014003 | Bloque Nacionalista Galego |
| 37 | 25/11/2021 | 35452638R | Fernando Rodriguez Gomez |
| 38 | 29/11/2021 | 44806493D | Eva Martinez Albarez |
| 39 | 30/11/2021 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 40 | 01/12/2021 | G80176845 | ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ |

| ID | Data do rexistro | CIF | Denominación da asociación/federación/entidade/colectivo |
|---|---|---|---|
| 41 | 14/12/2021 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 42 | 22/12/2021 | G70440573 | querENDO mulleres con endometriose |
| 43 | 10/01/2022 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 44 | 10/01/2022 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 45 | 14/01/2022 | G1570291-3 | FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE |
| 46 | 21/01/2022 | 35452638R | FERNANDO RODRIGUEZ GOMEZ |
| 47 | 28/01/2022 | 34876901D | Maria Puga Fidalgo |
| 48 | 31/01/2022 | G70203096 | ASOC GALEGA DE MATRONAS |
| 49 | 04/02/2022 | R1500053B | CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO |
| 50 | 15/02/2022 | G70179189 | Asociación Arraianas |
| 51 | 14/02/2022 | G80468564 | Fundación InteRed Galicia |
| 52 | 07/02/2022 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 53 | 07/02/2022 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 54 | 23/02/2022 | G36706927 | CIG-Ensino |
| 55 | 21/02/2022 | B15984065 | ANTAXURADA SL (XANDOBELA) |
| 56 | 21/03/2022 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 57 | 21/03/2022 | G36589844 | AGARESO |
| 58.1 | 30/03/2022 | G15676885 | Asociación de Mulleres Cristiás Galegas - Exeria |
| 58.2 | 30/03/2022 | G15676885 | Asociación de Mulleres Cristiás Galegas - Exeria |
| 58.3 | 30/03/2022 | G15676885 | Asociación de Mulleres Cristiás Galegas - Exeria |
| 59 | 07/04/2022 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 60 | 13/04/2022 | | Asociación Larlilá |
| 61 | 26/04/2022 | NIF - 36165922D | HELIO MARCIAL MARCET RODRIGUEZ |
| 62 | 27/04/2022 | G02836674 | MATERFEM MATERNIDADES FEMINISTAS GALEGAS |
| 63 | 28/04/2022 | | Asociación Feminismos e Tempo Libre / Alba Lasus Vázquez |
| 64 | 28/04/2022 | G70179189 | Asociación Arraianas |
| 65 | 03/05/2022 | 33273501E | ENRIQUETA LOIS SALGADO - Amnistia Internacional |
| 66 | 05/05/2022 | G67884049 | Vaidelas |
| 67 | 13/05/2022 | H15773427 | CDAD PROP DE FONTAN S/N Y BERNARDO BARREIRO DE V.V. 12-14 |
| 68 | 15/05/2022 | NIF - 36165922D | HELIO MARCIAL MARCET RODRIGUEZ |
| 69 | 19/05/2022 | NIF - 36165922D | HELIO MARCIAL MARCET RODRIGUEZ |
| 70 | 24/05/2022 | | Asociación Feminismos e Tempo Libre / Alba Lasus Vázquez |
| 71 | 27/05/2022 | R1500053B | CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO |
| 72 | 28/05/2022 | NIF - 36165922D | HELIO MARCIAL MARCET RODRIGUEZ |
| 73 | 31/05/2022 | G80176845 | ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ |
| 74 | 01/06/2022 | NIF - 44848375P | ASOCIACIÓN MULIEREM |
| 75 | 10/06/2022 | F70355268 | Feitoría Verde Cooperativa Galega |
| 76 | 13/06/2022 | 34287067R | AGARESO |
| 77 | 17/06/2022 | G70203096 | Asociación Galega de Matronas |

| ID | Data do rexistro | CIF | Denominación da asociación/federación/entidade/colectivo |
|---|---|---|---|
| 78 | 28/06/2022 | G15957673 | ASOC REDE DE ECONOMIA ALTERNATIVA E SOLIDARIA DE GALICIA REAS-GALICIA |
| 79 | 05/07/2022 | G80176845 | ASAMBLEA DE COOPERACION POR LA PAZ |
| 80 | 06/07/2022 | G36833648 | SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA |
| 81 | 11/07/2022 | G83117374 | Fundación Secretariado Gitano |
| 82 | 07/07/2022 | H15773427 | Com. Prop. Bermardo barreiro de vazquez varela 12 - 14 |
| 83 | 29/07/2022 | R1500053B | CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO |
| 84 | 04/09/2022 | G70579362 | AVANTE LGTB |
| 85 | 07/09/2022 | G36589844 | AGARESO (ASOCIACIÓN ONGD DE COOP. AO DESENVOLVEMENTO GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS |
| 86 | 13/09/2022 | G27820182 | ARELAS, ASOCIACION DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA |
| 87 | 13/09/2022 | G27820182 | ARELAS, ASOCIACION DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA |
| 88 | 14/09/2022 | G27820182 | ARELAS, ASOCIACION DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA |
| 89 | 14/09/2022 | G10820447 | Asociación LarLilás |
| 90 | 14/09/2022 | G27820182 | ARELAS, ASOCIACION DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA |
| 91 | 14/09/2022 | G27820182 | ARELAS, ASOCIACION DE FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA |
| 92 | 16/09/2022 | Q1500265B | COLEXIO OFICAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA |
| 93 | 20/09/2022 | G70440573 | querENDO, mulleres con endometriose |
| 94 | 23/09/2022 | V78419884 | SEDRA -Federacion de Planificacion Familiar |
| 95 | 29/09/2022 | G6781984-7 | ASOCIACIÓN DE MULLERES ABOLICIONISTAS GALEGAS |

Co obxectivo de facilitar a comunicación e a coordinación co equipo do CIM, desenvolveu un calendario online a través da ferramenta **Teamup** na que se compartían o estado de cada unha das consultas e reservas realizadas.




## ▶ INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Ao longo destes meses foron realizadas máis de **13.077 comunicacións** con entidades, colectivos e persoas a título individual, das cales atendéronse a máis de 1122 **consultas de persoas a título individual e entidades a través do teléfono, e-mail e WhatsApp**. Así mesmo, neste mes, **72 persoas foron atendida no servizo de presencial**. A meirande parte das consultas estiveron relacionadas coas seguintes cuestións:

- Actividades para desenvolver na CXT – organización e apoio;

- Consulta de dispoñibilidade dos espazos da CXT;
- Consultas sobre recursos e servizos da CXT;
- Consulta sobre actividades que se realizan na CXT;
- Solicitude de entrevista sobre os servizos e recursos dispoñibles na CXT;
- Apoio na realización da solicitude por rexistro electrónico.
- Asesoramento no cambio de estatutos
- Apoio técnico e formación na creación de asociación de mulleres

## ▶ AVALIACIÓN

Para que entidades e persoas a título individual puidesen valorar o traballo desenvolto ao longo dos 18 meses de servizo de coordinación da Casa, deseñouse e un cuestionario online que foi enviado por e-mail á BB.DD da Casa.

O cuestionario aborda todos os servizos e recursos ofrecidos ao longo destes meses aos se agrupou sobre os seguintes títulos:

- Programación de actividade
- Dinamización do espazo
- Comunicación
- Servizo de información e asesoramento

Este cuestionario foi enviado a todas as entidades e colectivos contidas na base de datos, así como ás persoas a título individual que participaron nalgunha ocasión na CXT, un total de 419 entidades e persoas a título individual.

Pódese acceder ao cuestionario a través do seguinte enlace: https://form.jotform.com/221092243969359

A continuación se recolle a análise da valoración.

## ▶ Valoración e medición do nivel de calidade percibida polas destinatarias dos servizos e das actividades da Casa Xohana Torres.

Coa finalidade de recoller as achegas das persoas e entidades que ao longo destes 18 meses pasaron polo espazo Casa Xohana Torres e, por tanto, participaron das accións do servizo se coordinación e funcionamento da Casa Xohana Torres, fíxoselles chegar un cuestionario de valoración a un total de 429 contactos (recollidos na BB.DD. que se foi elaborando ao longo do servizo). Tal e como se recolle na Táboa 1, o número de respostas obtidas foi de 36.

**Táboa 1.** Número de respostas ao cuestionario de valoración da Casa Xohana Torres

| | |
|---|---|
| **Nº de participacións** | 36 |

A continuación recóllense as súas valoracións sobre o funcionamento e actividades realizadas no marco do servizo ao longo destes meses.

# Funcionamento xeral da Casa Xohana Torres

En primeiro lugar, solicitóuselles que valorasen nunha escala do 1 ao 5, sendo 5 a máxima valoración e 1 a valoración mínima, o funcionamento xeral da Casa Xohana Torres. Tal e como se recolle na Táboa 2, a valoración media do funcionamento da CXT é de 4,51 sobre 5, o que indica unha ampla valoración positiva na xestión do espazo.

**Táboa 2.** Valoración media do funcionamento da Casa Xohana Torres

| | |
|---|---|
| **Valoración media** | 4,51 |

No Gráfico 1 recóllese a distribución porcentual das valoracións outorgadas ao funcionamento da CXT. Tal e como se pode observar, o 54% das persoas participantes valoraron o seu funcionamento coa máxima puntuación (5), un 43% valorouna cun 4 e un 3% cun 3, sendo esta a valoración máis baixa sinalada. Deste xeito, o 97% das persoas participantes no cuestionario consideran que o funcionamento do espazo é moi positivo.

**Gráfico 1**. Distribución porcentual da valoración do funcionamento da CXT




(Fonte: elaboración propia)

## Principais aspectos sinalados

Co gallo de afondar na valoración cualitativa do funcionamento da CXT, pedíuselles que indicasen aqueles aspectos que consideraron máis importantes ou de maior interese. Na Táboa 3 aparecen codificadas -arredor dos principais temas detectados- as achegas realizadas, recollendo a frecuencia e a porcentaxe que representan sobre o total de comentarios realizados.

Como se pode observar, o 24,56% das achegas xiraron arredor da variedade na programación de actividades realizadas na CXT, así como a diversidade entre elas. O 21,05% dos comentarios recolleron como un dos elementos máis interesantes a calidade do propio espazo físico da CXT, as prestacións e medios dos que dispón, así como a súa localización estratéxica dentro da propia cidade. O 15,79% recollían como aspecto fundamental a calidade da propia equipa técnica encargada do proxecto, de dinamizar o espazo e as actividades, así como brindar asesoramento e información. Na mesma liña, o 14,04% destacou o importante labor do equipo da CXT no apoio técnico e comunicativo ás asociacións, entidades, agrupacións e demais usuarias da Casa. O 12,28% dos comentarios sinalan a importante tarefa desenvolta desde a CXT en prol da sensibilización en materia de igualdade, xénero, feminismo, colectivo LGTBIQA+, diversidades, multiculturalidade etc. Finalmente, o 10,53% dos comentarios foron dirixidos a sinalar a axilidade e a dispoñibilidade no uso dos espazos dos que dispón a CXT e o 1,75% ás facilidades para a conciliación da que dispuxeron algunhas das actividades realizadas.

**Táboa 3.** Aspectos máis interesantes da CXT que foron apuntados

| | Nº | % |
|---|---|---|
| **Variedade da programación e diversidade nas actividades** | 14 | 24,56% |
| **Calidade do espazo físico e localización** | 12 | 21,05% |
| **Calidade do equipo técnico** | 9 | 15,79% |
| **Apoio técnico e comunicativo** | 8 | 14,04% |
| **Sensibilización social** | 7 | 12,28% |
| **Dispoñibilidade e axilidade no uso dos espazos** | 6 | 10,53% |
| **Facilidade para a conciliación** | 1 | 1,75% |
| **Total** | 57 | 100,00% |

(Fonte: elaboración propia)

## Programa de actividades da Casa Xohana Torres

Coa finalidade de recompilar a percepción das persoas e entidades usuarias arredor das actividades programadas na CXT ao longo destes 18 meses, solicitouse que valorasen nunha escala do 1 ao 5 unha serie de características:

- Formato
- Temática
- Calidade dos contidos e poñentes
- Cantidade

Tal e como se recolle no
Gráfico 2, o formato empregado e a temática das actividades desenvoltas obteñen unha valoración medida de 4,5 sobre 5, **o que indica un alto grao de satisfacción das persoas participantes**. Na mesma liña, **a calidade dos contidos elaborados e as persoas encargadas da súa impartició**n, obteñen unha valoración de 4,4. **O aspecto que obtén unha valoración máis baixa é o número de actividades ofertadas mensualmente**, cuxa valoración media é de 4. Así e todo, a valoración é positiva.

**Gráfico 2**. Valoración medida das actividades programadas




(Fonte: elaboración propia)

Co gallo de afondar máis polo miúdo, no Gráfico 3 recóllese a distribución porcentual das valoracións outorgadas do 0 ao 5 ás diferentes características da programación de actividades da CXT.

Tal e como se recolle, **a temática, a calidade e o formato foron valoradas coa máxima puntuación** por a metade ou máis das persoas que responderon ao cuestionario, sendo o formato a que acada a maior porcentaxe na máxima cualificación (63%). Na mesma liña do sinalado con anterioridade, é o número de actividades mensuais a que acaba a porcentaxe máis baixa na valoración de 5, aínda que o 49% valorouna cunha puntuación de 4.

**Gráfico 3.** Distribución porcentual da valoración das características da programación de actividades da CXT




(Fonte: elaboración propia)

## Principais aspectos sinalados

Do mesmo xeito que no funcionamento, no cuestionario solicitouse que indicasen os principais aspectos de interese e importancia sobre a programación das actividades. Ao igual que no anterior apartado, na Táboa 4 aparecen codificadas as achegas realizadas arredor dos temas detectados.

Tal e como se indica, o 26,38% dos comentarios foron dirixidos a **sinalar a variedade temática das actividades e a heteroxeneidade das persoas e entidades que as organizaron/impartiron**. Na mesma liña, o 21,95% das achegas foron dirixidas a sinalizar **a forte calidade dos contidos elaborados para as actividades**. Outros aspectos sinalados foron: a variedade nos formatos (talleres, faladoiros, actividades corporais etc.), o apoio realizado desde a CXT aos colectivos locais, a creación de espazos seguros de debate e diálogo, a perspectiva de xénero coa que se abordan a multiplicade de temáticas desenvoltas, e o club de lectura realizado. Así e todo, unha das achegas sinalizou que calidade dos contidos das actividades non sempre é a óptima.

**Táboa 4.** Aspectos máis interesantes da programación de actividades da CXT

| | Nº | % |
|---|---|---|
| Variedade temática e das profesionais | 11 | 26,83% |
| Calidade dos contidos | 9 | 21,95% |
| Variedade nos formatos | 6 | 14,63% |
| Apoio activo aos colectivos | 5 | 12,20% |
| Espazos seguros de debate | 5 | 12,20% |
| Perspectiva de xénero dos contidos | 3 | 7,32% |

| | Nº | % |
|---|---|---|
| Club de lectura | 1 | 2,44% |
| Ocasional falta de calidade | 1 | 2,44% |
| Total | 41 | 100,00% |

(Fonte: elaboración propia)

## Estratexia comunicativa da programación da Casa Xohana Torres

En canto á percepción da calidade e eficacia das accións de comunicación e difusión das actividades programadas na CXT, no cuestionario introducíronse indicadores para medir a súa valoración respecto a:

- Calidade nos contidos das publicacións en redes sociais
- Calidade da información na web
- Cantidade de correos informativos
- Cantidade de publicacións ao mes nas redes sociais

Tal e como se recolle no Gráfico 4, **todos estes aspectos teñen unha valoración media superior a 4 sobre una escala de 5.** Como se pode observar, a calidade dos contidos das redes sociais e o cantidade de correos electrónicos informativos obteñen unha valoración de 4,3, a calidade nos contidos da páxina web un 4,2 e o cantidade de publicacións mensuais en redes sociais un 4,1. Polo tanto, a percepción das estratexias comunicativas para a difusión da programación de actividades da CXT é valorada por parte das persoas e entidades usuarias moi positivamente.

**Gráfico 4**. Valoración medida das estratexias comunicativas




(Fonte: elaboración propia)

## Metodoloxía e dinamización da participación social da programación da Casa Xohana Torres

No referente á metodoloxía desenvolta durante a execución das diferentes actividades, no cuestionario solicitouse que valorasen unha serie de aspectos arredor do seu funcionamento:

- Duración
- Dinamización
- Participación
- Información proporcionada

Como se recolle na Táboa 5, a duración das xuntanzas e encontros celebrados ao longo destes meses na CXT obtén unha valoración medida de 4,4 sobre 5. Así mesmo, a dinamización realizada durante o

desenvolvemento das actividades e a participación por parte das persoas asistentes teñen unha valoración medida de 4,1 e 4,0 respectivamente. Deste xeito, **valórase moi positivamente tanto a duración dos encontros como a interacción entre as persoas participantes**. A convocatoria para as xuntanzas e encontros é o aspecto que obtén unha valoración media máis baixa, sendo dun 3,9. Así e todo, a percepción xeral que reflexa esta puntuación é positiva.

**Gráfico 5.** Valoración medida da dinamización na participación durante as actividades realizadas na CXT




(Fonte: elaboración propia)

## Servizo de información e asesoramento da Casa Xohana Torres

Tamén se lles solicitou ás usuarias e entidades que valorasen nunha escala do 0 ao 5 unha serie de cuestións vencelladas coa prestación do servizo de información e asesoramento realizado na CXT ao longo destes meses. Para isto, incluíronse unha serie de indicadores dirixidos a obter o seu grao de satisfacción nas seguintes materias:

- Servizo de atención ao público
- Apoio técnico nas actividades
- Apoio técnico ás entidades e colectivos
- Apoio e orientación en materia de igualdade
- Procedemento de xestión para a reserva dos espazos na CXT

Tal e como se recolle no Gráfico 6, o aspecto que obtén unha maior valoración por parte das persoas que participaron da CXT e responderon ao cuestionario é o **apoio e a orientación brindada por parte do persoal dinamizador e o equipo técnico do proxecto en materia de igualdade**, obtendo unha valoración de 4,6 sobre 5.

Na mesma liña, o servizo de atención ao público brindado durante estes meses é valorado cun 4,5, ao igual que o apoio técnico desenvolto para as actividades. Isto reflicte o grao de satisfacción das usuarias co capital humano co que contou o espazo CXT durante a duración deste proxecto.

